

Teño unha ferida, que debo facer?



Vou facer as curas eu mesma/o (ou as/os cuidadoras/es), polo tanto, debo seguir as indicacións que me deu a miña enfermeira/o.



Preparar o material e lavar as mans. Se conto con luvas dun só uso, é recomendable empregalas.




Poñerme cómoda/o e co material á man (bolsa para o lixo, tesoiras, apósitos, gasas, vendas, etc.).


Se non podo facer a cura eu soa/só; solicitar axuda e/ou agardar por ela.



Retirar venda e/ou apósito. Se noto resistencia, humedezco con auga ou soro salino.



Observar o aspecto da ferida. Se vexo algunha anomalía, pido cita telefónica coa miña enfermeira/co meu enfermeiro.



Realizar a cura seguindo o procedemento e aplicando os produtos que me indicaron. Unha vez rematado, desbotar os residuos onde proceda.



ENFERMEIRA /O DE REFERENCIA:

Teléfono:

Correo electrónico:

Teño que lembrar que...



Debo SEGUIR:

- Bebendo abundante auga.
- Alimentándome ben.
- Movéndome. No caso de enferma/o encamada/o, cambios posturais.
- Hidratando a pel.
- Tomando os medicamentos indicados.



Debo VIXIAR:

- A aparición doutras feridas, rozaduras ou golpes.
- Diariamente o apósito por se aparecen cambios no aspecto da ferida.



NON debo retirar o apósito nin antes nin despois dos días indicados, **SALVO**:

- Saturación do apósito polo aumento do exsudado.
- Que se despegue.



NUNCA se deixa a ferida ao aire!



Debo AVISAR se:

- Aparece dor ou aumenta esta.
- Aumenta a cantidade de exsudado.
- A ferida ten diferente cor ou está máis inflamada/dura.
- Aparece cheiro ou este é diferente.
- Aumenta o tamaño da ferida.